



## ***SOLICITUDE DE TRANSPORTE ESCOLAR***

O alumnado matriculado actualmente ten garantida a permanencia no centro polo que non ten que volver a formalizar matrícula. **Non obstante, debe manifestar expresamente mediante escrito dirixido á dirección do centro a necesidade de utilizar o servizo de transporte escolar.**

Lembren que:

- Non terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponde por zona de influencia (Excepcionalmente terán dereito irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso). Artigo 6 Orde 12 de marzo de 2013
- Terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que teña o seu domicilio a unha distancia do centro superior aos dous Km. Decreto 203/1986
- As solicitudes de uso excepcional realizaranse anualmente a través de dirección e, de ser concedidas, serán para cada curso escolar, sempre que non sexa preciso asignar as prazas ao novo alumnado con dereito preferente. O feito de obter praza non lle outorga ao beneficiario dereito ningún no futuro. Lémbrolles que é autorización temporal e está condicionada á existencia de prazas libres na ruta correspondente. No caso de cubrirse ditas prazas por alumnos con dereito a este servizo, aplicarase a orde de prelación determinada no punto 6º da instrución 3/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación que di:
  - Terá dereito en 1º lugar o alumno cuxo domicilio estea situado a unha distancia inferior a 2km. e superior a 1 km. en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos menores sobre os maiores).
  - En 2º lugar o alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde zona.
  - Cando a prelación non poida establecerse conforme ao criterio anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, formularase unha proposta e enviarase a Xefatura Territorial, quen tomará as medidas oportunas.

Relación de rutas e paradas:

- RUTA 1 (vermello): Cottolengo, Bar Luciano ida, Ponte Vía, Calefacciós Baluja, Xiro de Tilos, Ponte Vía, retorno Bar Luciano, Parada bus Lilas, Picaños,
- RUTA 2 (Azul): Pontepedriña, República Arxentina, A Rosa ,Fernando III.
- RUTA 3 (Verde): Pistas de pádel, Altaira, Midas, Subterráneo, Curros Enríquez, Ponte Sar-Mosquera, Ponte Sar- Chantadina.
- RUTA 4 (Amarelo): Cruceiro de Sar, Camiño Real de Angrois, Angrois, Devesa. **Por todo isto, rogámoslles que, no caso de precisaren servizo de transporte para o seu fillo/-a, cubran o Anexo durante o mes de maio para tramitar a solicitude do servizo.**